

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE ESCOLA DA  
ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA DE CAMIÑOS,  
CANAIS E PORTOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA CELEBRADA  
O XOVES DÍA 24 DE XULLO DE 2025**

De acordo co establecido na convocatoria, a Xunta de Escola da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canaís e Portos da Universidade da Coruña constitúese en sesión ordinaria ás 10:29 horas do xoves día 24 de xullo de 2025, coa seguinte ORDE DO DÍA:

- 1) Aprobación, se proceder, de actas de sesións anteriores.
- 2) Informe do director.
- 3) Ratificación: Solicitudes de renovación de profesores eméritos e honorarios.
- 4) Ratificación: Coordinación dos títulos de grao e máster da Escola.
- 5) Tribunal de avaliación por compensación.
- 6) Calendarios académicos 2025/2026.
- 7) Comisión Académica Interuniversitaria do MUXSA.
- 8) Guías docentes.
- 9) Oferta de materias en inglés e English Friendly.
- 10) Quenda aberta de palabra.

ASISTEN:

**Persoal académico**

ANTA	ÁLVAREZ	José
BALDOMIR	GARCÍA	Aitor
BARRIENTOS	RODRÍGUEZ	Víctor
COLOMINAS	EZPONDA	Ignacio
COUCEIRO	AGUIAR	Iván
DELGADO	MARTÍN	Jorge José
DOMÍNGUEZ	PÉREZ	Xabier E.
FE	MARQUÉS	Jaime
FERNÁNDEZ	RUÍZ	Jesús
FONTÁN	PÉREZ	Arturo N.
GALÁN	DÍAZ	Juan José
GONZÁLEZ	FONTEBOA	María Belén
JUNCOSA	RIVERA	Ricardo A.
JURADO	ALBARRACÍN MARTINÓN	José Ángel

MARTÍNEZ  
NAVARRINA  
NIETO  
NOGUEIRA  
ORRO  
PARÍS  
PENA  
RAMÍREZ  
RODRÍGUEZ  
ROMERA  
SAMPER  
SÁNCHEZ  
SANDE  
TABOADA  
VARELA  
VASALLO  
VÁZQUEZ

**Estudantes**

ARNOSO  
FRANCO  
GÓMEZ  
LÓPEZ  
MONTES  
RESCH  
REGO  
RODRÍGUEZ  
ROMERAL  
SUÁREZ  
VARELA  
VILLAVERDE  
VILLAVERDE

**PTXAS**

CRUZ  
RE CAREY  
VÁZQUEZ  
VILLAR

ABELLA  
MARTÍNEZ  
MOURONTE  
GAREA  
ARCA Y  
LÓPEZ  
MOSQUERA  
PALACIOS  
PASANDÍN  
RODRÍGUEZ  
CALVETE  
RIVAS  
GONZÁLEZ-CELA  
VÁZQUEZ  
GARCÍA  
RAPELA  
GONZÁLEZ

CAAMAÑO  
FIGUEIRA  
PASANDÍN  
ALFONSO  
LAGO  
PÉREZ  
SAPENA  
GONZÁLEZ  
SÁNCHEZ  
VEGA  
PÉREZ  
MOURIÑO  
RODRÍGUEZ

VIQUEIRA  
BUÑO  
GONZÁLEZ  
ARÉVALO

Fernando  
Fermín L.  
Félix  
Xesús Antón  
Alfonso  
José  
Luís  
Luis  
Ana María  
Luis Esteban  
F. Javier  
Gael  
José  
Raquel  
F. Alberto  
Alejandro M.  
Ana María

Alejandro  
Alberto  
Carla  
Héctor  
Daniel  
César Plácido  
Pablo  
Ainhoa  
Lydia  
Raúl Ernesto  
Carlos Arbren  
Ismael  
Brais

Mª Pilar  
María José  
Julia  
Javier

<b>Código Seguro De Verificación</b>	RyK1IbKaKrzHR6kn7xJ1Ig==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Director/a da ETS de Enxeñaría de Camiños, Canaís e Portos - Luis Ramírez Palacios	Asinado	18/12/2025 14:01:58
	Secretario/a ETS de Enxeñaría de Camiños, Canaís e Portos - Arturo Norberto Fontán Pérez	Asinado	18/12/2025 13:52:22
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	1/4
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/RyK1IbKaKrzHR6kn7xJ1Ig%3D%3D">https://sede.udc.gal/services/validation/RyK1IbKaKrzHR6kn7xJ1Ig%3D%3D</a>		
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



EXCUSAN:

**Persoal académico**

ÁLVAREZ	GARCÍA	Julia
DÍAZ	GARCÍA	Jacobo M.
FUENTES	GARCÍA	Luis
JÁCOME	BURGOS	Juan Alfredo
MARTÍNEZ	LAGE	María Isabel
MEDINA	RODRÍGUEZ	Luis Esteban
MONTENEGRO	PÉREZ	Luis
NAVES	GARCÍA-RENDUELES	Acacia
NOVALES	ORDAX	Margarita
PEÑA	GONZÁLEZ	Enrique

**Estudantes**

FRANCO	FIGUEIRA	Alberto
VÁZQUEZ-PENA	ROMERO	Jaime

**PTXAS**

FRANCO	TRILLO	Alicia
ROEL	VILAS	Mª Pilar

Preside a sesión o Sr. D. Luis Ramírez Palacios, director. Actúa como secretario o Sr. D. Arturo Norberto Fontán Pérez, secretario académico da Escola.

**1) Aprobación, se proceder, de actas de sesións anteriores.**

Remitidas con anterioridade os borradores das actas e anexos das reunións de 26 de marzo, 25 de abril e 14 de maio de 2025, apróbanse.

**2) Informe do director.**

Toma a palabra o director e informa:

- Con relación ao persoal da Escola. No PDI da Escola incorporouse o profesor Simón Peña Villasenín como profesor Axudante Doutor na área de Enxeñaría Cartográfica, Xeodésica e Fotogrametría, aínda que nun principio non vai ter docencia na Escola. No PTXAS, pola xubilación de Juan Calvo a mediados

de marzo, cubriu o posto de Administrador Javier Villar Arévalo. Cathaysa Rivas incorporouse en comisión de servizos para cubrir a xefatura do negociado de asuntos económicos, e para cubrir o posto base en Administración incorporouse María José López Carballo. No mes de maio para cubrir a baixa médica de Javier Villar, Administrador do Centro, nomeouse a Julia Vázquez como Administradora da Escola. Para cubrir o posto de Julia, incorporouse Susana Castro como xefa de negociado. Tras a reincorporación de Javier Villar, Julia Vázquez retornou como xefa de negociado, causando baixa Susana Castro. Na conserxería incorporouse María Blanco na quenda de tarde para cubrir a baixa de Francisco Gutiérrez. Fai constar o seu agradecemento a todos eles pola dedicación que tiveron na Escola.

- No mes de maio constituíuse a Asociación Cultural da Escola de Camiños da Coruña. Esta asociación está formada por estudantes da Escola e ten por obxectivo a promoción da vida cultural e o pensamento crítico, entre outros. Xa o 10 de xuño organizaron unha xornada de divulgación “Enxeñaría en vivo” con 54 alumnos do instituto Eusebio da Guarda. Fai constar o seu agradecemento por esta iniciativa.
- Respecto ás titulacións da Escola, o vicerreitor de Titulacións e Internacionalización convocou ao director a unha reunión a mediados de xuño para tratar a renovación dos selos de calidade internacional EUR-ACE das titulacións da Escola. Solicitouse a renovación dos 3 selos, debendo presentar a documentación antes do 30 de xullo. Trasládase a información da visita á Escola en canto teña datos.
- O 19 de xuño celebrouse o acto de graduación da promoción 2023/2025 do programa Espazo Compartido.
- Respecto aos datos de preinscricións e matrícula nas titulacións da Escola, houbo 65 solicitudes en GIOP e 56 en GTECIC, das cales ata o momento materializáronse 48 e 44 matrículas, pero haberá máis chamamentos e un novo listado de solicitudes correspondente á convocatoria extraordinaria. De momento para o MICCP non houbo ningunha solicitude no prazo anticipado e 2 no prazo ordinario. Finalmente, no MUXSA matriculáronse 3 alumnos na UDC e hai 2 solicitudes neste prazo.
- Respecto á estancia en prácticas, púxose en marcha en canto a nova Dirección tomou posesión. Detectouse unha problemática coa normativa vixente da UDC pola cal os alumnos, ademais dos criterios académicos que se viñan aplicando, deben ter toda a formación básica aprobada nas titulacións de

Código Seguro De Verificación	Ryk1IbKaKrzHR6kn7xJ1Ig==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a da ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos - Luis Ramírez Palacios	Asinado	18/12/2025 14:01:58
	Secretario/a ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos - Arturo Norberto Fontán Pérez	Asinado	18/12/2025 13:52:22
Observacións		Páxina	2/4
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/Ryk1IbKaKrzHR6kn7xJ1Ig%3D%3D">https://sede.udc.gal/services/validation/Ryk1IbKaKrzHR6kn7xJ1Ig%3D%3D</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



grado, o cal provocou que bastantes alumnos que se preinscribían na estancia en prácticas non poidan realizala ata que superen todos os créditos de formación básica. Polo momento asináronse 25 proxectos formativos e hai polo menos outras 21 ofertas sen cubrir.

- O pasado 14 de xuño celebrouse no CITEEC o Día da Muller na Enxeñaría 2025, organizado polo Colexio de ICCP e no que a Escola participou. O Colexio tamén aproveitou a ocasión para realizar unha xornada de difusión da enxeñaría destinada a nenos e nenas de todas as idades.
- Creouse unha Comisión Mixta CICC-EScola a proposta do Colexio. O obxectivo desta Comisión é establecer unha estreita colaboración, en especial na difusión e divulgación da Escola.
- O pasado luns 21 de xullo comezaron as obras de impermeabilización da Escola, estimándose que rematen xusto co comezo das clases do vindeiro curso.
- Informa que se está promovendo a realización de cursos 0 destinados ao alumnado de novo ingreso.
- Dende a Dirección realizouse unha enquisa telefónica de empregabilidade aos egresados dos cursos 2020/2021, 2021/2022 e 2022/2023. Tivo unha elevada participación e espérase poder facer públicos os resultados en breve. Fai constar o seu agradecemento a Pilar Cruz polo traballo realizado.

### 3) Ratificación: Solicitudes de renovación de profesores eméritos e honorarios.

Continúa na palabra o director e informa que se recibiron as solicitudes para renovar como profesor emérito de Santiago Hernández e como profesores honorarios de Carlos Nardiz e de Francisco Padilla. A Comisión Permanente informou favorablemente e pídesse á Xunta de Escola a súa ratificación. Apróbase.

### 4) Ratificación: Coordinación dos títulos de grao e máster da Escola.

Continúa o director que informa que a Comisión Permanente acordou que a coordinación dos títulos da Escola fose asumida polo director ata o 30 de setembro de 2025. Sobre este asunto informou o secretario académico á Xunta de Escola o 3 de xuño por correo electrónico. Apróbase.

### 5) Tribunal de avaliación por compensación.

Continúa coa palabra o director e informa que o regulamento de avaliación por compensación establece que o tribunal debe renovarse anualmente. O tribunal está composto polo director, o secretario académico, 3 vogais PDI, o administrador da Escola e un vogal alumno. Respecto do PDI, non poden ser membros dous anos consecutivos. O regulamento tamén establece que no caso de que a materia a compensar sexa impartida polo director ou o secretario académico, non poidan intervir e por tanto, é necesario definir dous suplentes para estes postos. Fai a seguinte proposta: Raquel Taboada, Víctor Barrientos e José Ángel Jurado (PDI), Brais Villaverde Rodríguez (estudante de GIOP), Carlos Díaz Blanco (estudante de GTECIC) e Jaime Vázquez-Pena Romero (estudante MICCP) e os dous subdirectores como suplentes do director e do secretario académico.

### 6) Calendarios académicos 2025/2026.

Toma a palabra Iván Couceiro, subdirector xefe de estudos, e informa do calendario e horarios de clases e exames, que previamente foron enviados aos membros da Xunta de Escola. Informa que os cambios de horarios foron acordados co PDI implicado, e que as datas dos exames fixéronse co alumnado. Non haberá adianto a setembro-outubro da convocatoria adiantada, pero hai un novo período de entrega de proxectos en decembro. Os principais cambios respecto ao curso anterior son a unificación do calendario de 1º de MICCP co resto de cursos e títulos, e o desprazamento do descanso longo das mañás que de 10:20 a 10:45 pasa ao horario de 11:20 a 11:45 h. O xefe de estudos solicita encarecidamente que se alguén detecta algún erro ou carencia, informe para que sexa corrixido á maior brevidade posible. Apróbanse.

### 7) Comisión Académica Interuniversitaria do MUXSA.

Toma a palabra o director e informa que esta Comisión é a encargada da planificación e seguimento do título. Está composta polo coordinador e un estudante e dous profesores de cada universidade, tendo que ser estes últimos, profesores do máster segundo a memoria verificada. Na UDC os profesores eran Víctor Barrientos e Acacia Naves, pero comunicáronlle a súa intención de non continuar. A proposta da Dirección é que os membros da Comisión sexan Luís Pena e Manuel Regueiro. Apróbase.

### 8) Guías docentes.

Código Seguro De Verificación	RyKlIbKaKrzHR6kn7xJlIg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a da ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos - Luis Ramírez Palacios	Asinado	18/12/2025 14:01:58
	Secretario/a ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos - Arturo Norberto Fontán Pérez	Asinado	18/12/2025 13:52:22
Observacións		Páxina	3/4
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/RyKlIbKaKrzHR6kn7xJlIg%3D%3D">https://sede.udc.gal/services/validation/RyKlIbKaKrzHR6kn7xJlIg%3D%3D</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Continúa coa palabra o director, que informa que se remitiu un enlace onde se poden consultar as guías docentes da Escola, que como é sabido, este ano houbo un cambio de plataforma e un calendario algo axustado para a súa elaboración e revisión. Transmite o seu agradecemento a todos polo seu traballo. Dende os Departamentos con docencia na Escola comunicóusenos o informe favorable pola súa parte.

Toma a palabra Pablo Rego para indicar que nalgunha materia hai discrepancias entre os criterios de avaliación segundo o idioma escollido na guía docente. Así mesmo, son varias as materias que só teñen cuberto un dos idiomas, entre castelán, galego e inglés. Agradécese os comentarios e solicítaselle que enumere as deficiencias atopadas nun correo electrónico dirixido ao coordinador do título para que sexan corrixidas. Javier Villar intervéñ para aclarar que algunhas partes das guías docentes só aparecen nun idioma. O director propón aprobar as guías docentes, facultando ao coordinador para corrixir os erros e omisións detectados. Apróbanse as guías docentes.

#### 9) Oferta de materias en inglés e English Friendly.

Retoma a palabra o director e informa que a área de Enxeñaría da Construción solicitou a impartición en inglés da materia Formigón Estrutural, Edificación e Prefabricación I de GTECIC. Deste xeito, os estudantes que están a cursar o grado bilingüe cursarían todas as materias do ámbito da construción en inglés. Ademais, dáse a circunstancia de que a materia Formigón Estrutural, Edificación e Prefabricación II xa se está ofertando en inglés. A Comisión Permanente informou favorablemente sobre este asunto e solicita a ratificación por parte da Xunta de Escola. Apróbase.

Respecto ás materias English Friendly, solicitouse aos profesores da Escola que estiveran interesados, que presentasen a solicitude aos Departamentos e a súa posterior aprobación en Xunta de Escola. Recibíronse solicitudes para 66 materias de GIOP (15), GTECIC (22), MICCP (19) e MUXSA (10). Amósase nas pantallas da sala a relación de materias para solicitar a súa aprobación. Non foi posible remitir con anterioridade a relación de materias aos membros da Xunta porque algúns datos dos Departamentos aínda se recibiran no propio día. Apróbase.

#### 10) Quenda aberta de palabra.


Non se realiza ningunha solicitude de intervención.

O director agradece a asistencia dos presentes e deséxalles un merecido descanso.

A sesión ordinaria da Xunta de Escola remata ás 10:50 h.

**V.B**  
**Luis Ramírez Palacios**  
**Director**

**Ado.**  
**Arturo N. Fontán Pérez**  
**Secretario académico**

<b>Código Seguro De Verificación</b>	RyklIbKaKrzHR6kn7xJlIg==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>	
<b>Asinado Por</b>	Director/a da ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos - Luis Ramírez Palacios	Asinado	18/12/2025 14:01:58	
	Secretario/a ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos - Arturo Norberto Fontán Pérez	Asinado	18/12/2025 13:52:22	
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	4/4	
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/RyklIbKaKrzHR6kn7xJlIg%3D%3D">https://sede.udc.gal/services/validation/RyklIbKaKrzHR6kn7xJlIg%3D%3D</a>			
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			